



## CONVOCATORIA E CRITERIOS DE SELECCIÓN: CESA 2026 E PROGRAMA DE TECNIFICACIÓN

**Entidade:** Federación Galega de Montañismo (FGM) **Área:** Dirección Técnica de Escalada  
**Asunto:** Normativa de acceso, permanencia e selección para o CESA 2026 e Programa de Tecnificación.

### 1. Competicións de Referencia

Os resultados oficiais para a asignación de prazas directas ao **Programa de Tecnificación** serán os obtidos en:

- **Cto. Galego de Dificultade:** 11 de xaneiro de 2026.
- **Cto. Galego de Velocidade:** 17 de xaneiro de 2026.
- **Cto. Galego de Bloque:** 18 de xaneiro de 2026.

### 2. Criterios de Selección para o Programa de Tecnificación

Os/as deportistas que se proclamen **Campións/ás Galegos/as** nas modalidades de Bloque, Velocidade e Dificultade obterán o **pase directo** ao Programa de Tecnificación da FGM.

### 3. Programa de Tecnificación: Permanencia e Novas Prazas

Co obxectivo de dar continuidade ao traballo realizado en tempadas anteriores:

- **Continuidade de prazas actuais:** Os deportistas que xa formaban parte do Programa de Tecnificación manterán a súa praza para a tempada 2026.
- **Cláusula de Rescisión de Praza:** A permanencia está supeditada a un comportamento exemplar. A FGM poderá revocar a praza por faltas de comportamento, falta de deportividade ou menosprezo á labor federativa.
- **Valoración de Compromiso:** Valorarase a disciplina, a puntualidade, o uso da equipación oficial e a actitude nas concentracións.
- **Ampliación e Modificacións:** Abriranse novas prazas en categoría Sub-15 segundo considere o equipo técnico. No resto de categorías, a Dirección Técnica poderá engadir ou modificar o grupo en calquera momento segundo o rendemento.

### 4. Selección para o CESA 2026 (Sub-15 e Sub-17)

Para a selección que representará a Galicia no Campionato de España en Idade Escolar (CESA), non haberá pase directo por vitoria. A configuración do equipo rexerese polo seguinte:



- **Criterio Técnico Final:** A decisión definitiva sobre os integrantes da selección será responsabilidade exclusiva do Seleccionador e o seu equipo técnico.
- **Métricas de Avaliación:** Para tomar esta decisión, teranse en conta todos os resultados oficiais obtidos tanto nos Campionatos Galegos como nos Campionatos Nacionais.
- **Condicionamento Externo:** O número final de convocados adaptaráse ás cotas e requisitos que diten o Consello Superior de Deportes (CSD) e a Federación Española (FEDME).

## 5. Criterios Técnicos de Avaliación

Para a designación de prazas (tanto vacantes en tecnificación como para a selección CESA), aplicaranse os seguintes criterios:

- Resultados e regularidade nas probas de referencia.
- Avaliación técnica e xestual durante a competición.
- Potencial de progresión e estado de forma física.
- Actitude, compromiso e disciplina deportiva.

---

### ASINADO:

**Paio Xosé Álvarez López**, Seleccionador e Director de Tecnificación da FGM.

**Alberto Fidalgo Pesquera**, Dir. Acción Deportiva e Inclusión da FGM